



IV CERTAME DE MICRORRELATOS CONVOCADO POR PUNTOGAL E A REAL ACADEMIA GALEGA

A ASOCIACIÓN PUNTOGAL e A REAL ACADEMIA GALEGA organizan conxuntamente un concurso de microrrelatos que ten como obxectivo reforzar a presenza da lingua e da identidade propias no mundo dixital.

BASES

1. Participación

- a) Poderán concursar todas as persoas que o desexen.
- b) As persoas menores de idade deberán acompañar o microrrelato dunha autorización do pai, nai ou titor/a legal.

2. Sobre os textos/microrrelatos

- a) Os relatos deberán estar escritos en lingua galega, ser orixinais e inéditos.
- b) O tema dos microrrelatos é libre.
- c) Cada participante poderá presentar un máximo de dous microrrelatos.
- d) As obras terán unha extensión máxima de 200 palabras (título incluído)
- e) Presentaranse no formulario correspondente que se pode atopar en relatos.gal.

3. Normas sobre o envío de textos

- a) Os microrrelatos presentarase no sitio web relatos.gal
- b) No caso de que o concursante sexa menor de idade, deberá incluír a autorización do pai/nai ou titor/a legal no apartado específico.
- c) Os relatos recibidos sen identificación ou con identificación incompleta quedarán automaticamente eliminados do concurso.

4. Período de presentación

O prazo para a presentación de textos estará aberto desde as 00:01 horas do luns 1 de febreiro ata as 23:59 horas do domingo 28 de febreiro de 2021.

5. Categorías

Establécense tres categorías:

- Infantil: ata 11 anos
- Xuvenil: de 12 a 17 anos
- Adultos/as: de 18 anos en diante



6. Premios

- a) Distribuiranse tres premios por cada unha das categorías.

Infantil

- Primeiro premio: un Lego Boost e un lote de libros infantís.
- Segundo premio: unha tableta e un lote de libros infantís.
- Terceiro premio: un lote de libros infantís.

Xuvenil

- Primeiro premio: unha Play Station 5, un lote de libros xuvenís e un dominio gratuito .gal durante un ano.
- Segundo premio: un Kindle, un lote de libros xuvenís e un dominio gratuito .gal durante un ano.
- Terceiro premio: un lote de libros.

Persoas adultas

- Primeiro premio: un MacBook Air 13.3 SG/1.6GHZ, un lote de libros da Real Academia Galega, un dominio gratuito .gal durante un ano e un lote de publicacións da revista *Luzes*.
 - Segundo premio: un Kindle ówifi ou modelo similar, un lote de libros da Real Academia Galega, un dominio gratuito .gal durante un ano e un lote de publicacións da revista *Luzes*.
 - Terceiro premio: un lote de libros da Real Academia Galega e un lote de publicacións da revista *Luzes*.
- b) O dominio gratuito entregárase cun código que se poderá permutar nun rexistrador indicado por PuntoGal. No caso de menores de idade o dominio será rexistrado polo pai, nai ou titor/a legal.
- c) A organización reserva o dereito a cambiar o premio da promoción por outro de igual ou superior valor cando concorra causa xustificada. Non se poderá substituír o premio polo seu valor económico nin cederse a outra persoa distinta da gañadora.
- d) Os modelos e as características concretas dos dispositivos que forman parte dos distintos premios poden consultarse na web www.relatos.gal.



7. Xurado

- a) Haberá dous xurados, un para as categorías de infantil e xuvenil e outro para a categoría de adultos. Estarán formados por membros da Real Academia Galega, da Asociación Puntogal e do comité de redacción da revista *Luzes*. Informarase da súa composición no sitio www.relatos.gal.
- b) O xurado terá facultades plenas para decidir as persoas gañadoras e a súa decisión será inapelable. Poderá declarar deserto algún dos premios se así o considera.
- c) O xurado reserva para si o dereito a non admitir aqueles microrrelatos que atenten contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe de terceiros ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo, connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, comentarios obscenos, difamatorios ou calquera outros que atenten contra a dignidade e/ou a orde pública.

8. Comunicación do resultado do certame

- a) A decisión do xurado darase a coñecer no mes de abril a través das páxinas web das entidades convocantes, www.academia.gal e www.asociacion.gal, e as súas redes sociais, e no sitio www.relatos.gal.
- b) A organización remitirá por correo postal certificado os premios ás persoas gañadoras nun prazo máximo de 60 días laborables dende a publicación da decisión do xurado, no caso de non poder facelo presencial por causa da situación sanitaria. As persoas premiadas deberán facilitar previamente unha copia do seu DNI para verificar os datos.

9. Publicación

- a) A organización do certame publicará os microrrelatos gañadores nas súas páxinas webs, en www.relatos.gal e a través das redes sociais. Igualmente, a revista *Luzes* publicará os relatos gañadores e unha escolma doutros textos presentados ao concurso.
- b) Coa participación no certame, os/as autores/as autorizan a organización do certame, sen contraprestación ningunha e de maneira expresa, a reproducir (total ou parcialmente), comunicar publicamente (total ou parcialmente) e distribuír (total ou parcialmente) os seus microrrelatos en calquera forma ou soporte, para todo o mundo e no prazo que autorice a lexislación vixente. A organización respectará, en todo caso, os dereitos morais que os/as autores/as posúan sobre as súas obras.



10. Tratamento de datos persoais

En cumprimento do previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (“LOPD”) e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, os datos das persoas participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade de PuntoGal e a Real Academia Galega, coa única finalidade de xestionar os premios desta promoción e de contactar coas persoas gañadoras. En ningún momento se empregará esta información para posteriores promocións.

Os autores e autoras poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante escrito ao correo electrónico info@dominio.gal ou á Dirección Xeral PuntoGal, Rúa Maestranza 9, 15001.

PuntoGal e a Real Academia Galega comprométense a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

11. Observacións

- a) A organización do certame ten a capacidade de decidir sobre a interpretación das bases en última instancia ou sobre a súa modificación en caso de erro sendo a súa decisión inapelable.
- b) O feito de participar neste certame implica a total aceptación das súas bases.